



| Guía Docente          |  |                    |   |          |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |   | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Ciencia de Materiais   | Código             | 770G01009                                 |          |
| Titulación            | Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática  |                    |   |          |
| Descritores           |  |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                                      | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria                               | 6        |
| Idioma                | Castelán   |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |   |          |
| Departamento          | Enxeñaría Naval e Industrial   |                    |   |          |
| Coordinación          | García Diez, Ana Isabel  | Correo electrónico | ana.gdiez@udc.es                          |          |
| Profesorado           | Camba Fabal, Carolina<br>García Diez, Ana Isabel   | Correo electrónico | carolina.camba@udc.es<br>ana.gdiez@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |   |          |
| Descrición xeral      | Fundamentos da ciencia dos materiais. Estrutura cristalina, propiedades mecánicas, transformacións de fases e diagramas de equilibrio; materiais e os seus tratamentos: aliaxes férreas, aliaxes non férreas, cerámicos, polímeros e materiais compostos; outras propiedades dos materiais: propiedades eléctricas e magnéticas, propiedades térmicas e ópticas e resistencia ao desgaste e á corrosión; selección de materiais. |                    |   |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A14                                 | Coñecer os fundamentos da ciencia, tecnoloxía e química de materiais. Comprender a relación entre a microestrutura, a síntese, o procesado e as propiedades dos materiais. |
| B1                                  | Capacidade de resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade e razoamento crítico.   |
| B2                                  | Capacidade de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas no campo da enxeñaría industrial.   |
| B4                                  | Capacidade de traballar e aprender de forma autónoma e con iniciativa.   |
| B5                                  | Capacidade para empregar as técnicas, habilidades e ferramentas da enxeñaría necesarias para a práctica desta.   |
| B7                                  | Capacidade para traballar de forma colaborativa e de motivar un grupo de traballo.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C5                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |

| Resultados da aprendizaxe  |     |                            |                                     |
|--|-----|----------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe  |     |                            | Competencias / Resultados do título |
| Coñece os fundamentos da ciencia e tecnoloxía dos materiais de uso común na Enxeñaría Industrial. Comprende as relacións entre a microestrutura, as propiedades e o comportamento dos materiais, Sabe aplicar os coñecementos de ciencia e tecnoloxía á elección e comportamento dos materiais metálicos, cerámicos, poliméricos e compostos. Coñece os diferentes tipos de materiais, así como os seus ensaios e especificacións. Coñece e sabe executar os ensaios de materiais. | A14 | B1<br>B2<br>B4<br>B5<br>B7 | C1<br>C5                            |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| O temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na correspondente ficha da memoria de verificación | Fundamentos da ciencia de materiais (Tema 1-2)<br>Estrutura cristalina, propiedades mecánicas, transformacións de fases, diagramas de equilibrio e tratamentos térmicos (Tema 3-11)<br>Tipos de materiais (Tema 12-19) |
| TEMA 1. Concepto de ciencia dos materiais   | Perspectiva histórica dos materiais. Tipos de materiais en enxeñaría. Influencia da estrutura nas propiedades dos materiais. Utilización e comportamento en servizo dos materiais.                                     |



|  |  |
|--|--|
| TEMA 2. Estrutura interna dos materiais                | Forzas interatómicas. Enerxía de enlace. Tipos de enlaces interatómicos: iónico, covalente, metálico e forzas de Van der Waals. Estrutura molecular: enlace e arranxos moleculares.  |
| TEMA 3. Estrutura cristalina                           | Estados cristalino e amorfo. Sistemas de cristalización. Redes e parámetros. Tipos principais: cúbica centrada no corpo, cúbica centrada nas caras e hexagonal compacta. Polimorfismo e alotropía. Planos e direccións cristalográficas. Índices de Miller. Sistemas de deslizamento. Isotropía e anisotropía.   |
| TEMA 4. Imperfeccións ou defectos cristalinos          | Tipos: puntuais, lineais ou dislocacions, superficiais. Efecto dos defectos no comportamento dos materiais. Estrutura granular. Formación dos grans. Factores que influen no tamaño de gran. Determinación do tamaño de gran. Influencia do tamaño de gran sobre o comportamento mecánico. Transformación da estrutura granular.   |
| TEMA 5. Constituíntes das aliaxes                      | Solucións sólidas: de substitución, inserción e ordenadas. Mecanismo de endurecemento por formación de solución sólida e por ordenación. Factores que influen na formación das solucións sólidas. Compostos de valencia normal e anormal.  |
| TEMA 6. Diagramas de equilibrio                        | Diagramas de equilibrio das aliaxes binarias. Obtención e interpretación. Regra das fases. Clasificación dos diagramas segundo a súa solubilidade en estado líquido. Reaccións eutéctica, peritéctica e monotéctica. Transformacións en estado sólido. Reaccións eutectoide, peritectoide e monotectoide. Difusión en estado sólido. Mecanismos da difusión. Leis de Fick. Transformacións difusivas e desplazativas. Diagramas ternarios: construción e interpretación. Fenómenos de segregación. Heteroxeneidade: menor, maior e estrutural. |
| TEMA 7. Propiedades mecánicas                          | Dureza. Escalas de dureza. Acción dunha carga sobre un material: deformacións elásticas e plásticas. Acritude. Endurecemento por deformación. Diagrama de tracción. Límite elástico. Punto de fluencia. Carga de rotura. Tenacidade e resiliencia: temperatura de transición. Comportamento dúctil e fráxil.   |
| TEMA 8. Materiais férreos                              | Ferro puro. Transformacións alotrópicas do ferro. Diagrama metaestable e estable ferro-carbono. Aliaxes que se obteñen dos devanditos diagramas. Macroestrutura e microestrutura dos aceiros en estado recocido. Puntos críticos dos aceiros: formas de determinación  |
| TEMA 9. Descomposición isotérmica da austenita         | Cinética da transformación da austenita. Curvas temperatura-tempo-transformación (T.T.T.). Influencia de diversos factores sobre as curvas T.T.T.. Curvas de arrefriado continuo.  |
| TEMA 10. Tratamentos térmicos dos aceiros              | Clasificación dos tratamentos térmicos. Temple dos aceiros. Influencia de diversos factores no temple. Severidade de temple. Templabilidade. Medida da templabilidade. Revenido. Factores do revenido. Fraxilidades do revenido. Normalizado. Recocidos: tipos e clasificación. Tratamentos isotérmicos : recocido isotérmico, austempering e martempering . Tratamentos termomecánicos.   |
| TEMA 11. Tratamentos térmicos superficiais dos aceiros | Clasificación dos mesmos. Cementación. Mecanismo da cementación. Tratamentos post-cementación. Nitruración. Mecanismo do endurecemento por nitruración. Temple superficial. Outros tratamentos superficiais.   |
| TEMA 12. Clasificación dos aceiros                     | Diferentes formas de presentación dos elementos de aliaxe nos aceiros. Influencia dos mesmos sobre a estrutura e propiedades dos aceiros. Clasificación dos aceiros segundo a súa composición e segundo a súa utilización.   |
| TEMA 13. Fundicións                                    | Xeneralidades sobre as fundicións. Clasificación das fundicións en función da microestrutura. Fundición branca: estrutura e propiedades. . Fundición gris: mecanismo de formación, estrutura e propiedades Fundicións maleables, esféricas e aleadas.  |



|                                       |   |
|---------------------------------------|---|
| TEMA 14. O aluminio e as súas aliaxes | Aluminio puro: propiedades e utilización. Influencia dos elementos de aliaxe.<br>Clasificación das aliaxes de aluminio :aliaxes para forxa e aliaxes para moldeo.<br>Tratamento térmico de bonificado. Maduración natural e artificial.             |
| TEMA 15. Aliaxes de cobre             | Cobre puro: variedades técnicas, propiedades e aplicacións. Influencia dos elementos de aliaxe. Clasificación das aliaxes de cobre. Latones comúns e aleados. Bronces comúns, aleados e especiais. Tratamentos térmicos do cobre e as súas aliaxes. |
| TEMA 16. Outras aliaxes metálicas     | Titanio: propiedades e aplicacións. Clasificación das aliaxes de titanio. Magnesio e aliaxes de magnesio. Aliaxes de estaño. Aliaxes de níquel . Superaleacions . Outras aliaxes industriais.   |
| TEMA 17. Materiais cerámicos.         | Relacións estruturais fundamentais. Propiedades e aplicacións. Vidros. O estado vítreo. Estrutura e propiedades do vidro. Refractarios: clasificación. Fabricación, propiedades e ensaios dos refractarios. Cementos: tipos e propiedades.          |
| TEMA 18. Materiais polímeros          | Estrutura, clasificación e tipoloxía química dos polímeros. Degradación e estabilización dos polímeros. Comportamento tipo caucho e viscoelástico.<br>Propiedades dos polímeros. Principais materiais polímeros de aplicación industrial.           |
| TEMA 19. Materiais compostos          | Natureza e constituíntes dos materiais compostos. Tecnoloxías de fabricación.<br>Interfases. Propiedades e aplicacións dos materiais compostos. Formigón : tipos, características e propiedades.  |

| Planificación            |                           |   |                         |              |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas de laboratorio | A14 B1                    | 10                                      | 5                       | 15           |
| Proba obxectiva          | A14 B2 B4 C1              | 12                                      | 36                      | 48           |
| Sesión maxistral         | A14 C5                    | 30                                      | 21                      | 51           |
| Solución de problemas    | A14 B1 B5                 | 10                                      | 8                       | 18           |
| Obradoiro                | A14 B7                    | 10                                      | 7                       | 17           |
| Atención personalizada   |                           | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |   |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías             | Descrición  |
| Prácticas de laboratorio | Faranse varias sesións prácticas onde se realizarán diferentes ensaios e análise sobre as propiedades e características dos materiais   |
| Proba obxectiva          | Os exames constarán de dúas partes, problemas e teoría en forma de preguntas curtas, cuestións ou temas, breves exercicios numéricos.   |
| Sesión maxistral         | Tratarase de expor nas mesmas os aspectos máis importantes de cada un dos capítulos do programa.  |
| Solución de problemas    | Realizaranse seminarios de problemas a base de entregar con suficiente antelación a cada seminario unha colección de enunciados cuxa resolución corresponde ao alumno. En cada sesión do seminario resolveranse cantas dúbidas ou dificultades xurdisen ao alumnado.  |
| Obradoiro                | Constará de dous tipos de actividades.<br>En primeiro lugar realizaranse unha serie de sesións onde se resolverán as dúbidas do alumnado con respecto a preguntas teóricas expostas en cuestionarios de autoevaluación previamente postos á súa disposición.<br>A outra actividade consistirá na realización dun traballo e na defensa oral do mesmo. |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|  |   |
|--|---|
| Prácticas de laboratorio<br>Obradoiro<br>Sesión maxistral<br>Solución de problemas | A atención personalizada realizarase nas tutorías ben a iniciativa do alumnado para aclarar ou resolver as súas dúbidas ou dificultades ou ben a iniciativa do profesor convocando persoalmente ao alumnado cando a ocasión requírao. |
|--|---|

| Avaliación               |                           |   |               |
|--------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías             | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
| Prácticas de laboratorio | A14 B1                    | As sesións prácticas en laboratorio son de obrigada asistencia, e imprescindibles para poder aprobar a materia.<br>O alumnado que asistise ás prácticas en cursos previos non deberá volver a asistir, pero sí deberá repetir a avaliación das mesmas. Esta farase conxuntamente con cada unha das probas obxectivas programadas para o curso.<br>A cualificación obtida na avaliación de prácticas realizada na data fixada para a primeira oportunidade poderá gardarse para a segunda oportunidade, pero aquel alumnado que opte por presentarse a avaliación de prácticas na segunda oportunidade, renunciará a cualificación obtida previamente.   | 15            |
| Obradoiro                | A14 B7                    | A presentación e defensa do traballo monográfico e obrigatorio para poder superar a materia. A cualificación do traballo suporá un 15 % da nota final.  | 15            |
| Proba obxectiva          | A14 B2 B4 C1              | Poderanse facer exames parciais que terán carácter liberatorio para as convocatorias do curso presente a condición de que a cualificación sexa igual ou superior a 5.0.<br>Os exames constarán de dúas partes, problemas e teoría en forma de preguntas curtas, cuestións ou temas, breves exercicios numéricos.<br>As partes de Problemas e de Teoría teñen unha ponderación do 50% e 50%, respectivamente, sobre a nota final. A cualificación final será a media aritmética de ambas as partes, a condición de que ningunha delas sexa inferior a 4,0 puntos.<br>Cando nalgunha das partes do exame a nota obtida fose inferior a 3,0 puntos sobre 10, a cualificación final da materia, ponderadas todas as actividades, non poderá ser superior a 3,0. | 70            |
| Outros                   |                           |   |               |

### Observacións avaliación



As

sesións prácticas en laboratorio son de obrigada asistencia, e imprescindibles para poder aprobar a materia. A non asistencia inustificada a unha ou máis das sesións de laboratorio implicará unha calificación final de Non Presentado.

A

non presentación de traballo implicará unha calificación final de Non Presentado.

No

caso de celebrarse exames parciais, a condición necesaria para poder presentarse ós mesmos fixarase no momento da súa convocatoria.

Cando

nalgunha das partes da proba mixta (teoría ou problemas) a nota obtida fose inferior a 3,0 puntos sobre 10 non se fará media entre elas, e a calificación final da materia, ponderadas todas as actividades, non poderá ser superior a 3,0.

O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá realizar a totalidade das actividades obrigatorias nalgún dos horarios establecidos de antemán.

SEGUNDA

OPORTUNIDADE

O

sistema de avaliación na segunda oportunidade manterase igual ao da primeira oportunidade.

CONVOCATORIA

ADIANTADA

Nesta

convocatoria a avaliación constará de dúas partes:

Unha proba mixta de

características similares e iguais requisitos de superación que a definida para primeira e segunda oportunidade cunha ponderación na calificación final do 70 %.

Unha proba de prácticas

cunha ponderación do 30 % na calificación final

Para poder

superar a materia será imprescindible obter un 5,0 sobre 10 en cada unha das partes. En caso de non cumprirse este requisito a cualificación final da materia non poderá superar o 3,0.

A

realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará que o/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- BLÁZQUEZ V., LORENZO V., DEL RÍO B. (2012). Ingeniería y ciencia de materiales metálicos. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I.</li> <li>- AMIGÓ V., SALVADOR M.D. (2002). Fundamentos de la ciencia de materiales. Cuaderno de ejercicios. Universidad Politécnica de Valencia</li> <li>- ROSIQUE J., COCA P. (1979). Ciencia de materiales. Problemas. Pirámide</li> <li>- VARELA A. (1990). Problemas de metalotecnia. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I.</li> <li>- JOHN V.B. (1994). Ingeniería de los materiales. Cuadernos de trabajo. Addison-Wesley Iberoamericana</li> <li>- AMIGÓ V. (1999). Fundamentos de la ciencia de materiales. Universidad Politécnica de Valencia</li> <li>- VARELA A. (2001). Problemas de ciencia de los materiales. Servicio de reprografía de la UDC</li> <li>- BARROSO S.; IBÁÑEZ J. (2008). Introducción al conocimiento de los materiales. UNED</li> <li>- SMITH W.F.; HASHEMI J. (2006). Fundamentos de la ciencia e ingeniería de materiales. Mc Graw Hill 4ª edición</li> <li>- MARTIN N. (2012). Ciencia de materiales . Pearson Educación</li> <li>- ASKELAND D.R. (2001). Ciencia e ingeniería de los materiales. Thomson Editores 4ª edición</li> <li>- GIL F.J., CABRERA J.M., MASPOCH M.L., LLANES L.M., SALÁN N. (1997). Materiales en ingeniería. Problemas resueltos. Ediciones U.P.C.</li> <li>- SHACKELFORD J.F (2010). Introducción a la ciencia de materiales para ingenieros.. Prentice-Hall.</li> <li>- CALLISTER W.D. (2009). Introducción a la ciencia e ingeniería de materiales. Editorial Reverté.</li> <li>- BLÁZQUEZ V., COBO P., GAMBOA R. PUEBLA J.A., VARELA A. (1990). Metalotecnia. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I.</li> <li>- NÚÑEZ C., ROCA A., JORBA J. (2002). Comportamiento mecánico de materiales (Volumen 1: Conceptos fundamentales). Edicions Universitat de Barcelona</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

### Recomendacións

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostido e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saludable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", fomentárase, na medida do posible, que a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia sexa en formato virtual e/ou soporte informático, a través de Moodle e sen necesidade de imprimilos.No caso de ser necesaria a entrega en papel seguiranse as seguintes pautas:Non se empregarán plásticosRealizaranse impresións a dobre caraEmpregarse papel recicladoEvitarase a impresión de borradoresIncorporase a perspectiva de xénero na docencia desta materia (empregarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos sexos, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías